

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ANUNCIO do 25 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Montelora, nos concellos de Baleira, Baralla, Castroverde e Láncara (expediente 2018/0076).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, o 25 de abril de 2025, do proxecto do parque eólico Montelora, nos concellos de Baleira, Baralla, Castroverde e Láncara (Lugo), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, e da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

CVE-DOG: prbl7cq9-r0y5-vh36-20h3-wqsobyp5q727

